



**Festival
Tui – Valença**

BASES LEGAIS DO CONCURSO DE TALENTOS “NOVAS ONDAS SONORAS”

1. Entidade responsable

O concurso “Novas Ondas Sonoras” está organizado e executado por **Xuventudes Musicais Eixo Atlántico**, entidade responsable da xestión, organización e desenvolvemento do mesmo. O concurso forma parte da programación do **IKFEM Festival Tui-Valença 2026**, evento organizado pola propia entidade, que busca crear unha ponte de enriquecemento musical, cultural e creativo entre España e Portugal.

2. Descrición do concurso

“Novas Ondas Sonoras” é un concurso que nace co obxectivo de fomentar o talento dos mozos e mozas intérpretes da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal. Esta iniciativa axudará a descubrir e impulsar o talento do futuro, traspasando as fronteiras entre España e Portugal a través da música.

3. Condicións para participar

Poderán participar no concurso **estudantes de música, de entre 12 e 30 anos**, que estean **matriculados nun centro educativo de música**, público ou privado, na **Comunidade Autónoma de Galicia ou na Rexión Norte de Portugal**.

Será necesario cumprir todos os requisitos para participar. En caso contrario, a inscrición quedará invalidada.

4. Condicións de participación

Inscrición gratuíta: A participación no concurso é completamente gratuíta.

Modalidade de participación: Poderán participar tanto solistas como grupos musicais de calquera estilo. Os grupos poderán ter un **máximo de 6 membros**.

Gravación da audición: A selección dos finalistas realizarase mediante o envío dun vídeo coas seguintes características:



Festival Tui – Valença

- Duración: aproximadamente **10 minutos** (mínimo 8 minutos, máximo 11 minutos). Deste vídeo, a entidade responsable extraerá un vídeo curto de **1 minuto** para a súa publicación nas redes sociais do IKFEM Festival Tui-Valença.
- Repertorio: libre elección.
- Formato de gravación: cámara estática (plano fixo horizontal).

Envío do formulario: os participantes deberán cubrir un formulario, dispoñible na web www.ikfem.com, con todos os datos solicitados pola entidade organizadora.

Fase final: Os finalistas deberán interpretar un **programa de libre elección** en directo, cunha duración aproximada de **20 minutos**, na fase final do concurso, que terá lugar en **outubro de 2026**.

5. Datás de participación

- **Periodo de inscrición**: Do 30 de abril ao 21 de xuño de 2026.
- **Votación pública**: Do 29 de xuño ao 9 de xullo do 2026, a través das redes sociais de IKFEM Festival Tui-Valença (Instagram e Facebook).
- **Votación do xurado**: Do 11 ao 15 de xullo de 2026.
- **Anuncio de finalistas**: 18 de xullo de 2026, durante o transcurso do IKFEM Festival Tui - Valença.
- **Fase final e entrega de premios**: *outubro de 2026 (pendente de confirmación)*.

6. Selección de finalistas

Os finalistas escolleranse mediante unha combinación de votos dun **xurado profesional** e **votación pública**. Haberá un total de **6 finalistas** que competirán na fase final do concurso en **outubro de 2026**.

Xurado

O xurado profesional seleccionará **5 finalistas** para competir na final do concurso. Estará composto por un número impar de profesionais do ámbito musical.



Festival Tui – Valença

Os criterios de valoración serán:

- Técnica musical
- Interese do programa/repertorio
- Desenvolvemento escénico
- Madurez interpretativa en relación coa idade

Votación pública

O público escollerá o 6º finalista a través de Instagram e/ou Facebook. Para que o voto sexa válido deberá:

- Seguir ao IKFEM Festival Tui-Valença na conta de Instagram e/ou Facebook (@ikfem_festival).
- Deixar un comentario co nome do grupo favorito.
- Só será válido un comentario por persoa.
- A mesma persoa pode votar en ambas redes sociais.

A votación pública realizarase entre o **29 de xuño e o 9 de xullo de 2026**. Os comentarios posteriores non serán contabilizados.

Notificación aos finalistas

Os finalistas do concurso Novas Ondas Sonoras serán notificados a través de correo electrónico e/ou teléfono para comunicarlles o seu paso á fase final. Os finalistas deberán **confirmar a súa asistencia á fase final nun prazo máximo de 15 días** desde a comunicación da nova. En caso contrario, o solista ou grupo quedará descalificado.

Desempates

En caso de empate, o xurado profesional será o encargado de resolver e outorgar un voto adicional.

Descalificación

Se algún participante é descalificado ou abandona, será substituído polo seguinte máis votado.



**Festival
Tui – Valença**

Decisiones irrevocables

As decisións que toma o xurado en relación coa puntuación, a eliminación ou calquera outro aspecto do concurso serán definitivas e inapelables. O xurado profesional resolverá calquera conflito que poida xurdir e as súas decisións non serán revisables.

Transparencia del proceso

Un equipo externo a Xuventudes Musicais Eixo Atlántico será o encargado da recepción dos votos e publicación de resultados, garantindo a transparencia e anonimato do proceso.

7. Premios

O gañador/a recibirá un **trofeo do artista CH Sueiro e un premio de 1.000,00 €** (impostos non incluídos), computado como honorarios por un **concerto dentro do cartel do IKFEM Festival Tui-Valença 2027**.

Non haberá segundo nin terceiro premio. Só se outorgará un único premio.

8. Dereitos de imaxe

A inscrición no concurso “Novas Ondas Sonoras” implica a aprobación e aceptación das seguintes condicións:

O participante cede a título gratuito a Xuventudes Musicais Eixo Atlántico a súa imaxe, voz, nome e propiedade material dos vídeos presentados, así como todos os dereitos de propiedade intelectual transmisibles, para a explotación dos materiais en calquera medio, soporte e/ou modalidade de explotación, e con carácter non limitativo: reprodución, distribución, divulgación, transformación, modificación ou alteración, comunicación pública, incluíndo a emisión e transmisión en liña a través de páxinas web e redes sociais, sen limitación xeográfica, cunha duración limitada á execución do concurso e sen ningún tipo de remuneración económica.

O participante garante ser propietario do contido dos materiais presentados, e que estes non se atopan suxeitos a contratos, cesións ou licenzas a terceiros de dereitos de autor ou propiedade intelectual ou doutros dereitos distintos aos previamente autorizados para o concurso, estando libre de calquera gravame ou carga.



**Festival
Tui – Valença**

Os participantes menores de idade deberán achegar unha autorización cuberta por un titor legal na que este asina o seu consentimento para que o menor ceda as súas imaxes para a participación e divulgación do concurso.

9. Protección de datos

Os datos persoais proporcionados polos participantes para o concurso Novas Ondas Sonoras serán incorporados a unha base de datos de Xuventudes Musicais Eixo Atlántico, e serán utilizados exclusivamente para xestionar a participación no concurso e a promoción das actividades do IKFEM Festival Tui-Valença. Os participantes poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en virtude do establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais (LOPD), dirixíndose por escrito ao correo electrónico: info@ikfem.com

Ao inscribirse, os participantes aceptan de maneira plena e sen reservas as bases legais deste concurso. O incumprimento destas bases suporá a descalificación do participante no concurso.